



VÍCTOR DEL ÁRBOL

Xoves 29 de abril, 20:00 h
Fundación Luis Seoane

Víctor del Árbol (Barcelona, 1968) foi mosso d'esquadra desde 1992 ata 2012 e cursou estudos de Historia. É autor das novelas **El peso de los muertos** (Premio Tiflos de Novela 2006), **El abismo de los sueños** (finalista do XIII Premio Fernando Lara 2008), **La tristeza del samurái** (Prix du Polar Européen 2012), **Respirar por la herida** (finalista no Festival de Beaune 2014 á mellor novela extranxeira), **Un millón de gotas** (gañadora no 2015 do Grand Prix de Littérature Policière e un dos libros máis destacados do 2021 en Estados Unidos segundo Publishers Weekly), **La víspera de casi todo** (Premio Nada del Novela 2016), **Por encima de la lluvia** (2017) e **Antes de los años terribles** (2019).

EL HIJO DEL PADRE (Destino, 2021)

Diego Martín é o fillo do pai, o exemplo orgulloso do ascensor social. Ten prestixio, diñeiro, un matrimonio idílico e unha vida que admiran propios e estraños. Pero de portas para dentro, quen é Diego Martín? Un home cheo de segredos, de traumas e contradicións. Pouco a pouco, Diego estase convertendo naquello que máis odia: o seu pai. Ata que unha mañá recibe a chamada do seu irmán Octavio desde Badajoz. O seu pai, ao que non ve desde fai case vinte anos, morreu. E alí, en Extremadura, reencontrárase cunha familia rota por vellas feridas.

El hijo del padre é un thriller que percorre verdades e mentiras, segredos terribles dos que ninguén quere falar, pero que tarde ou cedo rematarán por saír á luz. E ao mesmo tempo é unha dolorosa metáfora da España do século XX. Unha novela sobre a impunidade e as cadeas do pasado e sobre as relacións entre pais e fillos.



Somos o que
LEAMOS
Encontros coa literatura contemporánea
COORDINADO POR JAVIER PINTOR

FUNDACIÓN  LUIS SEOANE

Entrada gratuíta. Aforo limitado, previa reserva no teléfono 981 216 015